


Núm. 100

Tomo 9.º

nóis



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Ó VIR A PRIMADEIRA, por R. CARBALLO CALERO.
LEMBRANZA DE GOETHE: A RONDA DOS AMIGOS, por R. OTERO PEDRAYO.
UNHAS LIÑAS HISTÓRICAS: O EPÍLOGO DA TRAXEDIA MENDONIENSE, por R. VILLAR PONTE
NÓTULAS EPIGRÁFICAS: O MESTRE MARTIÑO, por F. BOUZA BREY.
NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS, por ALFONSO VÁZQUEZ.
DA ALEMAÑA, por V. RISCO, (proseguimento).
A MULLER NO CANCIOEIRO GALEGO, por XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ, (remate).
ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA.
OS HOMES, OS FEITOS E AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Abril do 1932 ★ Núm. 100

Ó VIR A PRIMADEIRA

R. CARBALLO CALERO

Ó vir a primadeira, inda fremosa e virxe
malia o seu abandono nos brazos dos poetas
que con ela xaceron no leito das súas liras
—femia do amor venal, que se horizontaliza
pol-a moeda gastada de un soneto de laudo—
teu abrigo de peles, funda da espada espida,
pelica da serpente do teu corpo vizoso,
teu abrigo de peles, que no inverno cinxía
o teu corpo con quentes apertas masculinas,
esgotado do gozo, morto de poseerte
en esforzo cotío, esbaróu dos teus fros
e deixou, esmaecido, de estudar, areloso
a leda orografía do teu corpo granado.

Agora as tenues sedas, agora os brazos nus,
as gasas pregoeiras de doces xeometrias,
os dous anos do seo choutando en liberdade,
o escote descubrindo a roita da delicia.

Húmida i esprendente como péxego mndo
Descobertas as fontes de mil gracias ocultas.
Reveladas as causas de mil ritmos segredos.

Deita acedo recendo o ronsel do teu paso.
Mesto e morno recendo que pesa na cabeza
como a mitra dourada do tolo hierofante
que, bébedo, preside eróticos misterios.

Como proa de dorna ergues poeira de escuma.
Foula do muiño louco no que Eros é aceeiro.
Gádate, si é que podes, do incendio que provocas;
O requebro e a ollada, no arco do desexo,
enfían a súa punta cara á túa carne rosa.
Pecha os muslos. Acesas, van as verbas dos mozos
tan cangadas de polen que poden fecundarte.
Furta o corpo, si podes. Van os ollos xinófagos
dos vellos, como un cáncer, debulládoche os peitos



A R O N D A D O S A M I G O S

POR R. OTERO PEDRAYO

Dous mediodías demarcan os oitenta e tres anos da vida de Goethe, perihelio e afelio da semiórbita astral do que foi comparado c'un astro olímpico, (a outra suposta metade da curva que hipérbolas ou parábolas imposíbles de calcular nas esferas do alem-mundo?). O mediodía do 28 Agosto 1749, nacemento cas badeladas das doce sempre labregas: «mittags mit sem Glockenschlage» o mediodía do 22 Marzal 1832 cas derradeiras verbas arelantes, «fáusticas», simbólicas: «Offnet doch dea nesterladen, damit mechr Lichte hreinkommel» dinantes do doce pasamento. Francfort e Weimar. O val xa renano e a montaña arbolada, traballada, cheia de humanidade da Xermania. No enorme ciclo de vida decorren dous tempos romorosamente precipitados como as augas bíblicas, un que se desfai, o barroco, outro, alborada xerminal, augas novas: o romántico XVIII e XIX. Todal-as grandes ou sinificativas figuras da Europa cruzan un momento seus fogos propios na costelación goethiana das centileantes estrelas seréas nas que latexa doorosamente unha máis pequena, a da noite wertheriana, e outra a mais belida brila como Helena e se fai viola misteca ca penitencia de Margarida.

O mesmo Goethe sinala o punto crítico: a canonada de Longwy, o día de Walmy, a Revolución. O 20 de Septembre do 1795: «unha nova época comenza na historia universal».

Dinantes a nenez, os brilantes anos de estudos en Leizig e Estrasburgo, os viaxes alpinos e alemáns, a chamada reveladora

da Italia, os grandes amores. «Werther», «Egmout», «Torcuato Tasso», «Ifigenia» van pol-o mundo, tráxicos, suxerentes. Nos *lieder* cantan na selva de Xermania. Internamente van pousando os moimentos da épica burguesa de «Hermann e Dorotea», Guillermo Meister e o Dr. Fausto crianse, prasmanse no laboratorio creador e a Natureza entra no espírito de Goethe ca maxia das coores, o misterio casto e terrible da vexetación, a pechada concencia das pedras.

Neno, Goethe, mirou o teatro francés co gallo da Guerra dos Sete Anos. Unha guerra que fai vinte anos se non podía entender, hoxe si, despois da Grande Guerra. Mirou a coroación de un emperador do Sacro Romano Imperio no Francfort prestixioso: medievo e barroco, non tan afastados coma figuran ser. O neno sabe os versos do «Messias» de Klopstock, dibuxa, «fabula» ledamente asegún o espírito herdado da nai. Todo isto é pouco: no vrau do 1763, o rapaz de catorce anos asiste á un concerto: o executante é Wolfgang Amadeu Mozart.

En Leizig tres grandes impresiós: a morte de Winckelman, a «Dramaturxia hamburguesa» de Lessing e as obras de Shakespeare. Esborrallamento das «Unidás Dramáticas», de Voltaire. Mais en Strasburgo hai un estudante xenial, pietista, e cañado: Herder. El sabe aduñar a vida de froresta dos pobos e istromenta temas da sinfonia da Historia universal.

D'un lado Ossíán, Homero, a Biblia, tamén Spinoza, do outro a preocupación do

profesor de Koenigberg, Kant. O suízo Lavater, Burger, o romántico, Jacobi, música vienesa de Mozart e a pequena Viena de Weimar onde Goethe é demiurgo con aparencias curtensáns de xoven deus. Do outro os viaxes: aquila improvisación na cume d'un monte ou n'un lago («canta o espírito sobor das augas» en Thun). O descubrimento do hoso intermaxilar, os estudos botánicos, outro xeito que en Rousseau, con Herder («O orixen das prantas é a creación máis maravillosa do mundo») co Teatro, e o viaxe de Italia. Seguindo a chamada do Sul, guiado pol-as augas dos Alpes, Venecia, o carnaval romano, o palazo Rondanini, as tumbas da Via Appia, aquíl meditar c'un grande sombreiro mistraliano sobre a peluca dazaoitesca, sentado n'un mármore esculturado na campia violenta e morta, comesta de malaria e lebranza.

Despois de Walmy, morto Werther, en camiño a teoría das coores, outro ciclo de madurez creadora. Schiller. O xigante fermoso, heroi xermánico, un Arminius ferido de morte, o rivés de Mozart, o lirismo poderosamente angustiado. A Grecia renovada ca paixón. O coro de filósofos mantén tensa a eterna conversa trascendental. Evoquemos algúns instantes.

Amizade con Humboldt e Wolf, o filólogo que morre en Delfos d'unha insolación cecaís por ter negado a divindade solar de Apolo.

Johán Paulos Richter, chega como unha tromenta, co ceo escuro, estrano, a eispresión dubidosa, a ironía gótica das sombras.

No mesmo ano Goethe estuda a inmersión de Mercurio no sol e a «Crítica da razón pura» Kopernico morrera co door de non mirar endexamais a Mercurio por culpa das brétemas do Visla. O «Sistema de Filosofía natural» de Schelling chegaba máis preto de Goethe que o razonamento de Kant.

Grande door repetido en dous anos: morre Herder e morre Schiller.

Pouco estrondo fai o se derrubar do Santo Imperio. Napoleón manda na Alemaña. Goethe visita o campo de batalla de Yena.

É un aliado de Francia. Compensación pra París da felicitación de Voltaire a Federico II de Prusia pol-o trunfo sobre os franceses en Rosbach. Visita de Napoleón. Campaña nacionalista do 1813 inspirada por Fichte que fai do seu «Ego» un imperativo pátrio. Goethe non sentía a Prusia como tampouco Hoffmann, sentía Berlín. Goethe renano —na xuntura entre o mundo hercíniano e o mundo alpino— sentíase superior como encarnación d'unha Europa que logo ninguén (nin Renán, apesares da «Relixión da Europa») tivo na man.

No meio das guerras do Imperio un naturalista, J. G. Lenz inventa o símbolo mineral de Goethe, é «goethita» unha caste de rubí de fogo ardente e sosegado. E conta que o bautizador era o mais terrible enemigo dos vulcanistas. As veces Goethe atópase como Mad. Stükel co estrano Zacarías Werner, tamén báltico —como Keyserling— o futuro Frai Werner capuchino en Roma, despois de intentare o drama de Luter e aquíl meirande «24 de Febreiro».

No 1811 e no 12 Goethe fala con Beethoven e no derradeiro ano sabe olímpicamente a nova de Waterlloo.

Logo van morrendo os vellos e chegan os novos, Wieland e Fichte simbolizan co seu pasamento o fin das impresiós xuveniles e da madurez forte. Mais Goethe coñece a Schopenhauer, a muller amada por Litz e nai de Cosima Wagner, conversa con María Paulova sobre a Fantasía como cuarta facultade —cuarta dimensión— do espírito. Chegan á Europa os mármore do Partenón arrincados por Lord Elgin, e Goethe lé Stendhal, recibe a un americano do Norte, Bancroft que fai historia d'un país novo, ten nos xardís británicos unha pranta brasileira, a Goethea, chega a oda de Manzoni á morte de Napoleón, estreñan o «Ceibe cazador» de Werth. Tempos novos, Goethe é vello no 22: setenta e tres anos. Aínda lle restan dez pra faguer á simbiosis de Helena e Margarida.

N-eles a «Missa solemnis» de Beethoven e o fulgor de Byron que pasa. A gloria de Walter Scott, un concerto de Paganini, a visita do poeta polonés Mickiewicz, unha tromba de cousas novas: o Hernani, o Ro-

xo e o Negro, Emersón, David de Angers. Un día de neve vienesa, pasamento de Beethoven, un Dies irae que soílo cobre a música das esferas e non perciben os ouvidos dos homes.

E vai sendo hestoria a vida do homen Goethe. Sai a Biografía de Shiller por aquí raro e fondo escocés Carlyle, pónse a calivera do autor da «Campana» na Biblioteca de Weimar, Delacroix e Berlioz ilustran o Fáusto. Goethe reina no París románteco coma Porfirio reinaba no París escolástico de Abelardo. Mais sigue o vello vivindo no mundo como que se intresa pol-o

proieuto do canal de Panamá, ouserva unha aurora boreal e sabe dicir a nova da morte do seu único fillo: «Non ignorari me mortalem genuisse». Il mesmo fai historia con Enkermann a Wagner d'aquél Fáusto que non tremaba diante o misterio das «Matres».

Derradeiro ano: lectura de Eurípides, conversas con David d'Angers, traballos sobre as antigüedades de Roma, a metamorfosis das prantas, novas dos primeiros camiños de ferro ingleses, o derradeiro paseo pol-os arrabaldos de Weimar, e no soño da aguña tranquila a primadeira petando nos vidros.

UNHAS LIÑAS HISTORICAS

O EPÍLOGO DA TRAXEDIA MINDONIENSE

RAMÓN VILLAR PONTE.

HAI na Historia galega unha Constanza de Castro que moitos confunden, sen que haxa outro motivo pra elo máis que a coincidencia do nome, con outra Constanza, tamén chamada de Castro, natural da comarca de Viveiro, á que pol-as suas virtudes se lle adxudica o título de Beata. Mais esta Constanza nada ten que ver coa que agora nos interesa e da que someiramente imos á ocuparnos. Trátase de unha figura histórica galega á que se lle non ten feito, ao menos que seipamos nós, a debida xustiza, toda vegada que pol-a sua intervenção, inda que pasaxeira, nos feitos ocorridos na xeira en que as liberdades galegas andiveron a morreren, dimpois do axustizamento cruel do inesquecente Mariscal Pardo de Cela, ben merecedora se fixo á que se lle mencione no relato de aqueles feitos tristes-

ros e de suma trascendencia pr'a patria galega.

A Constanza de Castro en cuestión era unha das fillas do Mariscal que, como sabido é tivo duas do seu matrimonio con D.^a Sabela de Castro, a filla de D. Pedro Alvarez Osorio e D.^a Beatriz de Castro, Condes de Lemos.

Villamil y Castro afirma que D.^a Constanza casara en primeiras nupcias con Galaor Osorio, neto bastardo do primeiro Conde de Lemos, casando logo, á morte de iste, con Fernán Arias Saavedra, Señor de Goiriz. Certo ou non iste primeiro casamento de Doña Constanza con D. Galaor Osorio, o indubitábel é qu'ela era muller de Fernán Arias cando aconteceu o episodio de que imos á tratar.

Ocurrida a morte do Mariscal Pardo de

Cela nas circunstancias alevosas que tan coñecidas son, a súa filla Constanza ergueu bandeira de rebelión pra vingal-a inxustiza cometida cō seu pai, tencionando cicais renovare a fogueira emancipadora que o Mariscal alimentou cō seu xesto viril i-ergueito antre tanto que a traizón non puxo remate ao esforzo patriótico i-heróico do consagrado pol-o martirio como campión das liberdades galegas.

Pra millor levare adiante os seus plans merecedores da louba quente dos galegos sen lixo, Constanza de Castro e o seu home, dimpois de ceibare o arriscado berro vindicatorio, viñeron á se fortificaren no castelo de Vilaxuán —por outros chamado Caldosa-po, Caldeloba ou Galdafoba— no concello de Cospeito, dimpois de teren requerido e abranguido o concurso de moitos dos abnegados e bariles loitadores que, dirixidos por Pardo de Cela, souperan desafiaren e teren á raia o poder dos monarcas de Castela. Chegado o coñecimento da nova rebelión á ouvidos dos Reis Católicos, foi nomeado D. Diego López de Haro pra que con forzas axeitadas, baixo o seu mando e dirección, termase de apagare a xurdida lumeira que os débidos do Mariscal, inxustamente degolado na praza de Mondoñedo, novamente alenderan cō fin de vingaren os incalificábeis feitos consumados nas persoas de seres á eles tan achegados.

Sen perda de tempo i en cumprimento das ordes recibidas, Diego López de Haro encamiñouse cōs seus en procura do castelo que servía de refuxio aos rebeldes. Estabrecido estreito cerco pol-as forzas de Castela, os sitiados souperon defendérense con valentía, faguendo que o sitio se fose alongan-

do, sen deixare que as forzas sitiadoras poidesen antreollaren probabilidades de un éxito doado e inmediato.

Fernán Arias e a súa dona, souperon defenderen rexa e obstinadamente, con valor e firmeza que superan á toda gabanza, aquel baluarte en que se tiñan acobillado os derradeiros defensores das liberdades galegas. Mais, como decote, a mala fada que casi incesantemente se deixou sentire no desenrolo de todol-os feitos galegos —Oh negra sombra que cantou Rosalía!— se deixou sentire tamén n iste episodio. Apodrecida a auga do alxibe eisistente no castelo e que os defensores d'el tanto necesitaban pr'atendere ás súas necesidades, eles emporiso, atentos somente a se non rendiren, seguiron utilizándoa, o que determinou que, pasenifio, fosen caendo rendidos por unha doenza mortal que fixo que Fernán Arias, tamén malado de importancia e comprendendo a imposibilidade de toda defensa, tivera que rendírese nas millores condicións, axiña aceptadas pol-o sitiador canso de unha loita á que se lle non ollaba tan próximo fin.

I-eisí de iste xeito disgrazado, pro moi honroso, veu á tere remate definitivo aquel movemento emancipador que regou abundoso, con sangue de herois, a terra galega, e que aínda hoxe nos fai agardare, aos que arelamos a Galiza prena e grande, o día xúrdio en que se cumprirán as verbas que dín que soio cando hai tumbas hai resurrección, ou sexa o día triunfal en que a estrela milagreira lucirá novamente na bouta celeste onde o ronsel luminoso da Galaxia asíñala decote ás xeneracións a cсистенza da Galiza inmorrente i-eterna.






Nótulas epigráficas: O MESTRE MARTIÑO

F. BOUZA-BREV

DE non se acodir con tempo ós restos das eirexas románicas desfeitas pol-a moda ou a necesidade (que son tantas e tantas na nosa Terra) espaxados pol-os adros das parroquias ou guindados nas veciñanzas das casas rectoraes, perderáse un bó feixe de novas arqueolóxicas, portadoras moitas de elas de epígrafes escurecedores ou consistentes outras en mostras artísticas das arquitecturas do medievo, revestidas de interés pra un país en que acadaron certos estilos, desenrolo xenial, por gloria súa.

Dos nosos apuntes, estraemos agora un epígrafe curioso e outros restos, únicos subsistentes da antiga eirexa de San Miguel de Sarandón nas terras da Ulla, fuxidos de aqueles estragos e ós da intemperie, esboralladora das inscricións. Ollámolos no vrán do ano derradeiro *in situ*, con ocasión da visita feita á aquela fermosa parroquia ribeirana.

A lápida contendo o epígrafe que seguidamente damos, mede corenta e un centímetros de longo por vintetrés de ancho e está dividido por catro liñas transversales que deixan entre si tres franxas nas que se desenrola a inscrición:



As letras pertencen ó século XII ou ó XIII, incrinándonos pol-o primeiro visto o arcaís-

mo de algunhas, como as A fallas de travesaños e a N, cuio trazo transversal non chega, ós extremos dos outros, como acaece na inscrición de S. Xurxo de Moeche, do ano 1099 (1). A súa lectura non ofrece dificultade na primeira e terceira liña, mais a segunda é dificultosa no medio, podéndose conxeturar:

MAGI(S)TER
MAGNIFICI ?
MARTINUS

ou sexa: *O magnífico mestre Martiño.*

¿Qué crás de inscrición é? Dubidamos que se trate de un epígrafe funerario por canto carez de todo o aspecto de tal e das fórmulas conseguíntes así como das datas características en moimentos do xénero, parecéndonos máis ben, caso de toparse com-preto, como coidamos pol-o encaixe das palabras no bloco e o traballo de éste perfectamente encuadrado, unha inscrición consagratória pra colocar n-un moimento ó tempo que perpetuaba o nome do artista e facía o mesmo unha ofrenda do seu arte á divindade. Asegún o dito, o Mestre Martiño sería o factor da obra da eirexa de Sarandón e o epígrafe podería lérse:

(OPUS) MAGI(S)TER (por *magistrí*),
MAGNIFICI MARTINUS (por *Martini*).

Ou sexa:

Obra do magnífico Mestre Martiño.

(1). Chamos sómentes esta inscrición por ser tamén consagratória de unha eirexa rural; mais as características do noso epígrafe topámulas xa en lápidas do s. IX ou X, como a de Churro, que presenta iguais as UU (vide: Boletín de la Academia Gallega núm. 192), as da Eirexa Compostelana, nos capitéis e capela central do óxido (García Romero: «De re epigraphica», Bol. R. Acad. Gall. núm. 169; *Castillo*: «Inscripciones inéditas de la Catedral de Santiago» in Bol. R. Acad. Gall. número 180) e outras do sec. XII, que teñen as NN semellantes.

Non descoñecemos a aplicación do dictado de Mestre ós homes con carreira literaria e non sempre servindo pra desinñar un artista; mais, no caso presente, unha lápida emprazada n-un moimento románico, dificultosamente pódese referir á outro que ó autor da obra.

Agora ben, Quen fose este Mestre Martiño é problema de solución pouco doada. Os mestres das fermosísimas producións do románico galego, iñóranse na maioría e inda dos que acadaron posto ontre os inmorrentes, como o Mestre Mateo, pouco se sabe da súa vida. Do noso mellor moimento antigo, a Basilica Compostelana, apenas si sabemos os patronímicos dos mestres Roberto e Bernaldo, o *mirabilis magister* do Calistino (1) relación aumentada recentemente pol-a descuberta do mestre Estevo, *magistro operis Sancti Iacobi*, asegún consta dos documentos da antiga Catedral de Pamplona (2). De outras eirexas da Galicia, coñecemos ó Miguel Pérez, da fermosa de Cambre (3), ó mestre Xohán da de Seixón (4) e tal vez o Apimio da de Ourazo (5), revelados todos estes nomes pol-a epigrafía. Do Mestre Raimundo, presunto coautor da Eirexa de Lugo, téñense referenzas imprecisas que o fan natural de Monforte. E así outros poucos que poderían ser citados, pertéscentes máis ben á séculos posteriores.

De un mestre Martiño do século XIV, nos principios, fala Ceán (6), máis Murguía dá entender que nos papés do P. Sobreira, de

onde foi tomada a inscrición en que consta tal Mestre non aparece o nome de Martiño (1).

Entende López Ferreiro que un documento do ano 1217 do Tombo C do Arquivo Catedralicio compostelán que fala de un *dominus Mathews* debe aludir aínda ó gregorioso Mestre de iste nome e n-ese caso compre salientar que entre os suscribentes figura un don Martiño, que quizáis fose un artista que usase tal tratamento como era costume na

burguesía compostelana de por aquel tempo (2).

Ademáis hai o suposto mestre Xohán Evanxalista do Portico da Gloria da Eirexa de Ourense e quizáis da mesma Catedral (3).

Da obra de dito artista nada resta, como non



ANTEFIXA DE S. MIGUEL
DE SARANDÓN

sexa outro epígrafe que, emprazado tamén no exterior da eirexa de Sarandón e formando parte, como o anteriormente descrito do paramento da parede do sul, situado por debaixo do primeiro, reza: PETRURA. Non sei á que pódese referir, pois semella estar completa a lenda xa que a rodea unha liña á xeito de borde todo ó redor.

E dende logo a cruz do ousio que se topa n-un ángulo do campo santo que arrodea ó moimento parroquial é o único resto artístico verdadeiramente. Reproducímola no grabado adxunto pra que comcrete estas lembranzas de inesquencibles horas transcurridas no inmediato pazo de Ximonde que garda curioso tesouro de vellas pedras que algún día daremos á coñecer.

(1) López Ferreiro, «Historia de la S. A. M. Iglesia de Compostela», Tomo III, páx. 37 e sgts.

(2) J. M. Lacarra, «La Catedral románica de Pamplona. Nuevos documentos» in «Archivo Esp. de Arte y Arqueología» núm. 19, 1931.

(3) Vid., principalmente, A. del Castillo, «Santa María de Cambre» in NÓS núm. 31, 1926. O distinto autor supón a intervención de tres mestres na obra de Cambre: *Michael Petrus e Rodericus*.

(4) Villanil y Castro, «Iglesias Gallegas de la E. M.», páxina 256, que o toma de novax de Cornide na Academia da Historia.

(5) F. Bouso-Brey, «Epígrafes medioevales da Eirexa de Ourazo», in Bol. de la R. Acad. Gall. núm. 221.

(6) Citado por Villanil, op. cit. páx. 237; a inscrición é de un Martín Paria, do ano 1316, que foi topada na eirexa de San Fiz de Solovio, en Compostela.

(1) Murguía di que somente se lé, F. Paris, en data citada, mais non Martiño. («El arte en Santiago durante el siglo XVIII...» páx. 26, nota segunda.)

(2) Ferreiro, «El pórtico de la Gloria», páx. 141 e 142, da segunda edición, 1903.

(3) Martínez Sueiro, «El autor del Pórtico del Paraíso» Bol. C. M. Ourense. T. V, núm. 111, 1916, páx. 247.



NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS

Por ALFONSO VÁZQUEZ

O inaugurar o S. de E. G. o seu laboratorio de restauración, queremos publicar denantes unhas notas que consideramos de intrínseco que sirvan coma un avance i-esplicación dos traballos que son mester pra o desenrolo das actividades de restauración.

A restauración e conservación de documentos, rama nova na Bibliografía, adequiriu n-estos derradeiros anos un incremento e desenrolo que no que vai do século afinouse con toda a categoría e importancia que lle corresponde, debido á intensidade con que n-ela se traballa, intensidade motivada algunhas veces por acontecementos infaustos, e outras por ledos motivos de notables achádegos.

Os primeiros son, entre outros, o desgraciadísimo incendio que na Biblioteca Nacional di Torino, tivo lugar á principios do século, que ocasionou a perda de riquísimos códices e manuscritos, incendio que pol-a súa importancia, deu azo ós bibliómanos e restauradores pra emprender, saíndo do mesmo punto, traballos de fonda laboura, que deron éxito positivo ás novas instalacións de bibliotecas, e a laboura penosa de atopar procedimentos definitivos pra arrincar da ruína e desaparición das nosas bibliotecas e arquivos as riquísimas coleccións de manuscritos e documentos tan básicos pra a hestoria de todol os países.

Esta nova Rama da Bibliografía, que como dice Guido Tiaggi (1), debera chamarse

«Patología Bibliográfica» adequireu afinadísima importancia «desde o momento que se consideren os manuscritos *seres vivos no mundo das bibliotecas públicas e privadas*».

Os remedios patolóxico-bibliográficos deben porse en práctica o máis axiña posíble pra matar «ese bacilo devorador de canto nos teña legado a antigüidade, impedindo a desaparición de ises preciosos manuscritos, códices, documentos e autógrafos, algúns




FIG. 1

dos que son o único resto que de algúns homes nos queda como única sinal do seu paso por ésta vida. Así falaba e escribía o xefe da Biblioteca Médico Laurenciana e da Ricardiana de Florencia.

Os traballos da restauración non son completamente novos de agora, pois xa no século XVI atopouse un códice membranáceo

(1) «Della conservazione dei manoscritti antichi». Riv. delle Biblot. e degli Arch: XXVIII-1917. pag. 97.

pertencente a Compañía da Cruz de Florencia, no que se lee: «Este libro é de contratos restaurado no ano 1577.»

Restauráronse 42 folios dos 61 que ten pol-o procedemento do descarnamento, aínda hoxe usado.

O seu eisamen detido, móstranos que a súa restauración foi feita co libro en uso, como explicable, atendendo á calidade do libro.

Non somentes n-esta época se restauraba, posteriormente no 1731 queimada no British Museum, a pequena pero preciosa biblioteca Cattoniana, donación de Sir Roberto Catton, no que había existentes 958 manuscritos preciosos, desapareceron completamente 114, deteriorándose algúns sobremaneira en número de 98. Os pergameos foron conservados por longo tempo. (1)

En 1815, H. Davy, falando da investigación dos papiros de Herculano, escribía o seguinte: «Os meus primeiros experimentos feitos en Inglaterra sobre fragmentos de papiro, induxéronme á creer na grande colaboración que a Química pode prestar pra a axuda da obra do desenvolvemento dos manuscritos».

Podíamos seguir eisí relatando un sinnúmero de ensayos feitos, algúns infroituosos, outros de mediano resultado, e os máis de positivo éxito, que serviron todos eles pra edificación e formación de esta pequena rama dos arquivos, que detén e corta o paso á forte e demoledora acción do tempo n-estes materiaes.

Nos traballos de restauración de que fixen antes mención, é preciso facer notar que somentes era unha restauración que contivera os progresos de alteración, putrefacción e descomposición dos documentos e demais materiaes; eses 98 manuscritos foron completamente exfoliados e restaurados (2).

Xa veremos máis tarde o verdadeiro traballo de restauración d-unha maneira detida e completa.

Falei no principio da contribución que no

desenrolo da restauración prestaron algúns acontecementos desgraciados, como o incendio de Torino o do Brittish Museum, etcétera, e outros lédos como o achádego dos papiros en Herculano, que pol-a cantidade e calidade dos mesmos fixo necesaria a montaxe dun laboratorio, no que xunto co-a perda que en moitos ensayos se tivo d-algúns, o feliz resultado dos máis, que en gran nú-




FIG. 2

mero se restauraron en boas condicións, fixo dar un grande paso na obtención de procedementos que xurdiron na constante e activa labours n-eles feita.

Seguiremos un pouco lixeiramente a historia do desenrolo nos diversos países, por consideralo interesante, engadindo á todo o que vai dito a labours de Cristóforo Mari-

(1) The Collectet Worsk-VI. páx. 161.

(2) Guareschi I. Cillo—Osservazioni ed sperienze sul ricupero e restauro del Codici danneggiati dall'incendio della Biblioteca Nazionale di Torino.—Memoria 1.^a da «Accad. Reale delle Scienze di Torino, 1903-1904.—Memorie. Serie II-54-pág. 424.

no, o restaurar o famoso Rexistro Angioni do Arquivo do Estado de Nápoles (1).

Os pasos decisivos estaban dados, pero isoladamente i-en diferentes países iba desenrolándose unha labouira que pra ben das bibliotecas de todas as nacións, era mester unificar dictando normas, e dando á conocer procedimentos, métodos, etc., que fixera, avanzar máis afincadamente e con paso máis seguro e firme interesando á todos aqueles países n-esta loita mundial que se entabla entre a natureza e os gardadores de antigüedades.

Comprendendo así, en Xaneiro e Febreiro de 1898 escribe o por entón Padre Francesco Erhle, da Compañía de Xesús, máis tarde, con acertada e merecida xusticia, elevado ó Cardenalato, como premio á súa fonda labouira arquivística; unha admirable memoria no *Centralblatt für Bibliothekswesen* de Hastwig (Leipzig), traducida despois na *Bibliothèque de L'Ecole des Chartes*, na *Rivista delle Biblioteche e degli Archivi*, e na *Revue des Bibliothèques*, tidoa-da: *Della conservazione e del restauro dei manoscritti antichi*, na coal memoria, ademais de pedir consello ás grandes persoalidades que se atopaban ó fronte dos arquivos, queixábase da inacción de algúns xefes, que empregaban medios inadecuados, reactivos nos manuscritos, abogando por unha xuntanza internacional, na que xuntos cambiarían impresións e discutirían puntos tan principais como son os asuntos á tratar de tanta consecuencia como a preservación e investigación dos medios eficaces pro restauro dos manuscritos.

Como consecuencia de este chamamento, tivo lugar a Conferencia de San Gallo, en Suíza, na que como resultado eficiente e inmediato, conseguiuase espertar e avivar a curiosidade e o espírito investigador, por vieiros novos de aición, nun campo aínda virxen e sin cultivar.

O Comité permanente, constituído na dita Conferencia, quedou integrado pol-os representantes dos meirandes centros bibliográficos de Europa; Harnack de Berlín; Fejerpá-

taki de Budapest; De Vries, Leida; Amont de Paris; e o P. Erhle, propulsor da dita Conferencia por Roma e Karaballk de Viena (1).

Este avivamento e curiosidade de que facía mención denantes foi acentuada pol-o xa citado e desgraciado accidente do incendio da Biblioteca Nacional de Turín, na noite do 22 de Febreiro de 1904.

A magnitude do desastre, o haberse escomenzado n-unha das salas depositarias dos máis preciosos manuscritos puxo de loito e cubreu da meirande amargura á todos os homes amantes do estudo e da investigación




FIG. 3

pol-a enorme perda que pra eles e pra todo o mundo intelectual supuña a perda dos numerosos manuscritos preciadosísimos en todos os ordes.

A primeira impresión de espanto e pesimismo, serviu pra que tratando de sobreporse á tal catástrofe, se apuxesen todos á decidida labouira de conseguir no posíbre arrebatado da destrución e desaparición aqueles materiais que non de todo habílan sido consumidos pol-o lume.

Prescindiremos eiquí das causas que produciron tal sinistro, e as condicións do local

(1) Eugenio Casanova: «Archivistica», páx. 96, 2.ª edición Siena 1928.

(1) S. Erhle: «Della conferenza internazionale di San Gallo in 1898. Riv. delle Bibliot. ed delle Arch. Ano XX. páx. 113. nota.

e máis detalles que poideran servir de noticia, e adicarémonos rapidamente á falar da laboura desenrolada na restauración e laboratorios e demais outras labours feitas co esta finalidade.

Imediatamente fórmase unha comisión de restauración que como primeira medida acordan a instalación de un laboratorio anexo á Biblioteca, ó fronte do que desíñouse o eminente Icilio Guareschi, e baixo a súa acertada dirección escomenzaron os traballos.

Si importancia no seu cometido tiña a instalación de este laboratorio, moito maior sería qu'a de outro na mesma Biblioteca inaugurado, chamado «Laboratorio de Materia Médica», dirixido por Pino Giacosa, no que cumpríanse dous ouxetos ou finalidades: restaurar os documentos de calquer crás que foran e ó mesmo tempo estudar os medios de conservación dos mesmos, prós que facía falla o auxilio e axuda dos análisis das distintas e diversas materias e substancias que tanto infruíeu na vida dos documentos, códices, etc.

Un dos puntos principais que tiveron que resolver foi o da acción do lume que adquiriu temperaturas elevadas, e que no período de incineración en maior temperatura sofre co efecto da auga vertida pra sofocalo incendio un rápido e brusco cambio, que nos pergamiños ten consecuencias de abondo lamentables pol-o enrugamento que o material sofre no cambio brusco de temperatura.

O dito director na Memoria presentada á Real Academia de Ciencias de Turín, tidoada «Osservazioni ed esperienze sul ricupero e sul restauro dei codici danneggiati dall'incendio della Biblioteca Nazionale di Torino» eixamina detidamente eso mesmo de que xa fixemos mención dicindo «que causan cuáse que maior dano que o mesmo fogo a brusca e diferente temperatura sufrida pol-os pergamiños cando están, sinon en pleno período de combustión, n-un grado de calor bastante grande, ó recibir a acción da auga estintora do incendio (1).

Sinala dispois a diferenza que este efecto

devandito fai no papel e no pergameo, facendo resaltar a importancia n-este derradeiro, por canto que este brusco cambio de temperatura fai sufrir unha contraición rápida e forte que enrug e acorta o pergameo tanto máis difícil de tirar canto máis outa fora a temperatura do pergameo e por conseguinte máis brusco o salto na temperatura (1).

Todos os esforzos primordiales reducíronse, pol-o menos, á restituir ó seu grandor primitivo, pra dispois facer as labours necesarias pro seu total restauro.

Isto regulouno dispós de mil ensayos en unha casi régoa xeral, na que dí, que todo aquel pergamiño que non haxa alcanzado unha temperatura superior á 100 ou 150 grados e aínda cando fora superior non houbera sofrido os efectos da auga, ou outro elemento calquera que lle fixera facer




FIG. 4

unha brusca contraición, poden restaurarse perfectamente; si isto non sucede así é meister renunciar á toda posibilidade de restauración.

Giacosa, no seu laboratorio, sacou traballando cos materiais as seguintes clasificacións: 1.º Documentos que somentes recibiran calor; 2.º os que recibiron simultaneamente quentura e friaxe, e 3.º a de aqueles que en estas condicións foran abandonados e deixados en mal estado.

A estes últimos son os que con máis predilección adicou os seus traballos por ser os que aparte do quebranto sufrido pol-o incendio, ó seu abandono, ocasionara, as máis das veces, un principio de putrefacción que había que cortar de raíz.

(1) Guareschi i Cillo: op. cit. páx. 424.

(1) Guareschi i Cillo: op. e páx. cit.

D A A L E M A Ñ A

III. BERLÍN

Por VICENTE RISCO

(Proseguimento)

WANNSEE

O primeiro día que fun ó Wannsee, foi o día da Ascensión (*Himmelfahrt*). Fumos o Canedo, o Tobío e máis eu, ó Stadtbahn. Os três iban cheiños de todo, car'ao campo.

O Wannsee ven ser a praya de moda dos que non poden ir á Sevinemünde ou á outra. Inteiramente burguesa.

O Wannsee é un precioso lago, moi esteso e longo, arrodeado de prayas e fermosas arboredas, e cheo de balandros de velas brancas que semellan de juguete. Homes e mulleres andan á centos bañándose na i-auga, remando nos barquiños d'aluguer, deitados ó sol, tostando a pelica, na area ou na herba, ou deitados á sombra, ou jogando con balós com'os nenos, todo, crar'está, en traxe de baño, qu'ás veces redúcese á un taparrabos sumariñemo.

Os homes non teñen pelos no corpo; son pelados e tersos coma rapazas. As mulleres, hainas ben gordas, amostrando total-as suas manteigas sen medo á pareceren mal. Por mais qu'agora, seica están de moda as gordas, ou pol-o menos o tipo *falsch schlank*. De todol os xeitos, de corpo, o mesmo as gordas qu'as flacas, todas están ben, todas son ben feitas e soltas e graciosas; o peor son as caras, que moitas veces son de cán. E mais eiqui son tan abondosas d'amores, tan tenras de curazón, que por feas que señan, cortéxanas coma se foran bonitas. O amor eiqui é omnipotente, galga por riba de todol-os valados, sociás, morais ou estéticos; nen tan siquera unha cara fea o detén. As parexas arrólanse diante da xente, sen disimulo ningún. Deitada na her-

ba, había unha muller fea, meio envolta no albornoz; acrequeñado onda ela, o seu home —noivo, esposo, amante, amigo— rañá-ball'a testa coma se l'estivera catando os piollos. N-outro lado estaban outros, il e máis ela en traxe de baño, sentados no chao, apegadiños un ó outro; il tiñalle botado o brazo por atrás, e abrazábaa contra si. Outros dous andaban n-unha barca, e remaba ela. Non era feia. Gorda, moi loira, bón tipo; mais tiña a pelexa tan bermella do sol, que semellaba en carne viva, e ademais tan brillante e lustrosa, que botaba pra trás. Outras póñense coor de canela ou de chicolate escuro.

De tanto bañarse a xente, a i-auga ponse basta e grasenta, e téñ esas irisaciós e ises cambeantes dos charcos onde cai aceite dos automóveles. Os qu'atravesan en barca o Wannsee aseguran qu'a certa distancia da veira, a i-auga cambea inteiramente de coor. Din que todo arredor do lago hai unha longa banda de porcallada humán.

Os balandros, as barcas de remo e máis as motoras andan á centos e centos. De cando en cando pasa a motora dos sanitarios, co-a sua bandeiriña co-a cruz bermella, qu'anda atendendo á calquera aicidente que poida ocorrer.

Hai moitas máis playas no Wannsee. Estivemos outra vez n outra ond'hai un gran café-restaurant-conditorei, c'unha gran rotunda de mesas, arrodeada d'unha columna, e sobre d'ela unha terraza que domiña o lago. Sentados nas mesas ou paseando debaixo da columna, andan os homes e mulleres vestidos ou en pijama, ou en albornoz, ou en traxe de baño ou en taparrabos.

En realidade, a afeición d'esta xente á andar en porrancha é cousa que moitas veces chega á ofender á un. Eu n-esta materia non son timorato; á mín tanto me tén. O feito en si d'andar encoiro non me parez pecado tan grave. Ora, o que representa, os pensamentos derradeiros propulsores d'esta moda e os motivos con qu'a xustifican son os que me parecen mal. Porque é unha das manifestacións do materialismo, do culto ao corpo e do desprezo da i-alma; unha das manifestacións de rebeldía contra de todol-os fundamentos da cultura; unha conquista da barbarie ascendente canonizada pol-a ciencia; unha forma asañada de tripar e de cuspir na tradición e na herencia dos nosos maiores. En fin, que coma feito, pode pasar; coma síntoma é abominábele.

Logo, que o faga unha rapaza linda, vamos; pero que o faga aquil señor gordo, barrigón, feo, calvo e de lentes qu'andaba en taparrabos lendo n-un libriño pequencho! Qu'o faga ise rapaz langrán de dentes de cabalo! Qu'o faga esta señora de naris com'unha cereixa e d'ollos papudos!

Crar'está qu'isto non deixa de ser unha praya cursi, ond'as burguesías de Berlín arremedan as photos das prayas de moda que lles proporcionan a *Illustrierte Zeitung* e o *Welt Spiegel*. Vése perfectamente que non hai tono, qu'estamos n-un pequeno mundo, limitadiño e mimetísteco, onde se quer e non se pode surtir da vulgaridade.

É certo qu'isto en ningures pode ser elegante, anque seña moda, e anqu'o fagan os elegantes. S'istes o fan, será unha proba de qu'a elegancia e a distinción vanse perdendo. Efeitivamente: isto é a licencia, e o contrario da licencia é o que precisamente constitúe a elegancia. O home e a muller elegantes teñen a vida moito máis limitada, moito máis complicada, moito máis envarada e suxeita por regras e preceitos qu'o común da xente. O elegante téñese que violentar constantemente, precisa un costante *self-control*. O elegante non pode facer en cada caso o que lle peta, que é o que permite a licencia. A posición do elegante é, en certo modo unha posición ascética. A elegancia é un exercicio de *yoga*. Distinguido é aquil que cumpre todas esas regras, todos ises

preceitos e exercicios, sen que se lle note a violencia, d'un geito natural e coma se fora respondendo aos seus istintos e impulsos máis intensos. A licencia, pol-a contra, creba todos ises preceitos e regras fundados na consideración aos demais e na estima d'un mesmo.

A mín que non me digan: fágao quen o faga, o pasear antr'a gente coma sua nai o parfu, o sentarse na mesa d'un café en traxe de baño, en pijama ou albornoz, poderá ser moda, máis non é propio de gente ben criada nen de gente de principios. É un proceder porco, groseiro e desconsiderado.

DAS KREUZ - UNSER SIEG

O domingo, 29 do mes de San Johán, festa de San Pedro e San Paulos, ás catro horas do serán, no grande Stadion de Grunewald, capaz pra mais de 70.000 almas, e cheiño de todo que non colla unha agulla, tiveron os católicos da Marka, a sua 28.^a grande juntanza, presidida pol-o Nuncio da S. S. Monseñor César Orsenigo, Arcebispo de Ptolemaida, e máis pol-o Bispo de Berlín, Dr. Christian Schreiber, grande orador e ilustre colega meu nos estudos de Folklore.

O lema da festa era o qu'encabeza estas liñas; *Das Kreuz unser Sieg*: a Cruz é a nosa vitoria.

Das Kreuz unser Sieg... Isto, qué significa? Que venceremos coa Cruz—*In hoc signo vinces?* Qu'a nosa vitoria vai ser a Cruz, ou seña, o sacrificio e o martirio? Qu'a vitoria da Eireja está na persecución, en ser vencida?

Imos ver: estou pasando unha crise, non direi de misticismo, mais d'eisaltación relixiosa. Cecaís reaición contra da impiedade. Lembro qu'o Castelao pasou unha semellante en Francia, asegún dicía. É isto a loucura da Cruz? Se fora a loucura da Cruz, chegaríamos á ser santos. É non é ise o noso deber, coma cristiaos? E que efecto faría? que éisito tería hoxe un gran santo? Digo un santo social, un santo con obra esterna, qu'o qu'é santos contemplativos, cantos non ha haber no mundo, quen pode sabelo? O certo é que non semella o noso un gran tem-

(Continuad).

A MULLER NO CANCIOEIRO GALEGO

POR XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDES

(Remate)

Verdade é que somentes esta cantiga lles bota en cara tal defecto, a mais de outra, onde, con moita gracia, se lles achaca o mesmo:

Ti estás na túa camiña
mui arroupada e mais quente,
e eu estou á túa porta
batindo dente con dente.

Non obstante, non debe de ser un defecto corrente, pois non se fala casi de il.

Mais xa que elas non son ingratas, queren que se lles corresponda ben. O espírito vingativo áchase n-elas pronto a se manifestar en canto lles den motivos. Anque no fondo do seu corazón sintan un desengano, saben ocultalo e corresponder co mesmo porte que usaron con elas:

Olvidácheme, olvideite,
metínche a figa nos ollos,
que cando tí me olvidache
xa tiña eu amoros novos.

Quixecheme, ben te quixen,
olvidácheme, olvideite,
non che quedo a deber nada;
se cho debía, pagueiche.

Se me queres, querereite,
non mē querendo, no-hai nada;
olvidar, olvidareite:
amor con amor se paga.

Andivecheste alabando
que te quería e te quero;
tamén pódeste alabar
que te quixen e te deixo.

Mais están dispostas a depoñer a súa actitude cando se portan ben con elas:

Se soupera que tí dabas
pasadiñas por me ver,
tamén che eu dera palabra
de outros amoros non ter.

Candeleiro de tres luces
non derretal-o metal;
si tí me tiveras lei
eu che sería leal.

E nada de esto priva que cando queren ben sexan capaces de ter costancia.

Véxase, sinón:

Fun ô prado á segar herba
e seguei cardos tan solo;
acerqueime a unha meniña
e díxome: teño dono.

Olvidarte a tí por outro
non cabe eso no meu peito;
olvidar a outro por tí,
eso fareino mui presto.

Veflen xa as noites escuras:
que as durma quen ten sono,
que eu as pasarei velando
coa ausencia do meu dono.

Iste seu comportamento non é somentes por un deber de correspondencia; é tamén porque saben sentir fondamente e obran de acordo con iste sentir:

Eu non sei o que me deches
que non te podo olvidar;
de día no pensamento
e de noite no soñar.

Olvidei a pai e nai
e a toda a parentela,
pero non podo olvidar
a un fillo de nai allea.

—
Teño un amor celosíño,
non me deixa abriñ-os ollos,
como a él o quero ben
coida que é así a todos.

E saben corresponder a quen ben con elas
se porta, como á autora de esta famosa can-
tiga:

Eu téñote que querer
e téñote que amar tamén,
porque connigo tiveche
partida de home de ben.

Porque a muller sabe o que vale un que-
rer fondo e honrado, ise querer que non
causa ledicia, senon door, un door que vale
cen veces máis que as maiores alegrías. Iste
é o amor tal como o comprenden as nosas
mocías:

Teño un amor que me cela,
outro que me dá diñeiro,
outro que me desengaña:
iste é o máis verdadeiro,

Un mozo achacou n-unha cantiga un de-
fecto á muller do que a nosa carez en abso-
luto, como o demostra o feito de non haber
cantigas que fagan referencia a il fora de
esta:

Catro cousas hai no mundo
que son as máis testarudas:
as cabras e as ovellas
e as mulleres e as mulas,

Temos tres variantes de unha cantiga na
que se contén o concepto que as mulleres
teñen dos homes:

Non me fales mal dos homes
que lles quero moito ben:
salalos, salpementalos
e botálos na sartén.

—
Non faledes mal dos homes
que eu tamén lles quero ben:

quen mos dera ver a todos
n-unha pipa de alquitrén.

Iste concepto que teñen dos homes, non é
obstáculo pra que os queiran.

Unha rapariga sinceira, fixo esta cantiga:

Meu rapás doume un consello,
non sei si me enganaría,
porque os homes sempre enganan,
máis eu con él casaría.

Referentes ó trato das fillas coa nai, pou-
co coñecemos. Temos dúas nas que a filla se
presenta de distinto modo. N-unhas parez
non lle dar importancia ó que diga a nai:

Miña nai cando me refte
peta co pé no sobrado:
ela dí que non quer xenro
e eu xa llo teño buscado.

Miña nai chama por mín
dende o alto da portela:
pensa que me leva o aire
e o aire a mín non me leva.

N-outra manifestase en toda a súa tenreza
o amor da filla pol-a nai:

Miña nai, miña naiña,
miña nai do corazón,
nunca lle contei mentira,
nunca lla contarei, non.

Ó falar das cantigas referentes ó pai, fa-
remos algunhas refreicións sobre isto.

Moi interesantes son as cantigas galegas
que fan referencia ó amor entre os irmáns.

Son istas cantigas raras n-outros cancioei-
ros, máis no noso non fallan.

Catro temos nos que parecerían máis adoi-
tadas si se lles puxese no canto do irmán a
un namorado.

Velas aquí:

Para un irmán que teño,
para un irmán solteiro,
para un irmán que teño
levanmo de mariñeiro.

—
Para un irmán que teño
solteiriño e por casar,

para un irmán que teño
levanmo de militar.

—
Meu irmau anda en Castilla.
anda na Torre de Touro;
cando te volverei ver,
miña peroliña de ouro?

—
Ahora que veu a leva
de levar os homes todos.
se me levan meu irmau
levanme a vista dos ollos.

Chegamos agora a un feito que chama
moito a nosa atención: a pouca frecuencia
con que aparece o pai na cantiga galega.

Das poucas en que o vemos, raras son as
que se bulran de il:

Tua nai, tua nai, ten a sona
de borracha, pelexa, porcona;
e teu pai, e teu pai tamén tén
de borracho, pelexo, tamén.

Algunhas non son máis que variantes de
cantigas referentes á nai:

Pasei pol-a tua porta
boteille a man ó ferrollo:
o galopin de teu pai
meteume un pau por un ollo.

—
Agora que me vai dando
o pelo pol-a cintura,
xa pode saber meu pai
que agora xa non son sua.

N-algunha, mais que do pai, fálase mal das
fillas:

As mocifas de Padroso
cando van ó fiadeiro
collen ó pai pol-as barbas:
«arre pra aquí, meu carneiro».

E aínda aquelas en que se non bulran do
pai, son raras:

Chora meu pai que se mata
que non ten senon a mín:

cale, meu *padre* da alma,
que para morrer nacín.

Vemos aquí unha cousa típica na socieda-
de familiar galega: o respecto ó pai

Ben pode ser por lle non dar importancia
á autoridade do pai, ou ben porque o res-
peito que se lle ten impide que o seu nome sexa
incruído nas cantigas.

O caraiter esencialmente patriarcal da fa-
milia galega, incrinanos á pensar o derra-
deiro.

Debemos observar tamén que o pai non
intervén na vida amorosa das súas fillas dei-
ca que se casan. Namentras, é a nai a que
as garda e as aconsella, cousa lóxica, dada
a igualdade de seiso. E como o cancioeiro
está todo calcado no amor de mozas e mo-
zos, de aquí que sómentes se faga n-il refe-
rencia á aqueles á quenes atañe direita-
mente.

En compensación, a nai figura moitas ve-
gadas n-il. Non sempre con loubanza, mais
case sempre con respecto.

Nas cantigas que se refiren escrusivamen-
te á nai, fálase de elas con gran cariño.

A moza sempre é nena ante a sua nai. Ve-
n-ela de cotío o seu achego e un conselleiro
leal:

Morreume miña naiña,
levouna Noso Señor;
quero voar e non podo,
levoume a ala millor.

—
Miña nai, miña naiña,
coma miña nai ningunha,
que me quenta a cariña
co calorciño da sua.

—
Miña nai, miña naiña,
que boa nai teño eu:
vendeu o seu coletinho
para me mercar o meu.

E, finalmente, o amor da nai inspirou esta
tenra cantiga, unha das máis fermosas do
noso cancioeiro:

Miña nai como é moi probe
e non ten pan que me dare,

éncheme a cara de bicos
e despois rompe a chorare.

* * *

Intentemos agora, co material que levamos examinado, faguer unha lixeira sembranza da nosa muller.

O que primeiro sai á vista é a súa cor: a moza galega debe ser loira. Non é preciso que teña loiro o cabelo: bástalle tel-o tipo. A cara, redonda e colorada, anque tamén pode tel-a branca; os ollos, castaños ou ceais tamén azús.

Non debe ser alta, antes ben, preffrese baixa e non precisamente delgadas; supóñense donairosas, cousas máis difíciles de conseguir pra elas que prás que son delgadas e altas.

Como xa dixemos, a capacidade amatoria das mozas galegas *alarma* incruzo ós mesmos galáns que valeiran o seu inxenio en cantigas que critican isto. En efeuto, esta costume chega á ter as proporcións de unha verdadeira *seleición natural*. Ó lado de isto, en compensación, vemos na nosa muller unha gran constancia cando chega á querer firmemente e o seu amor é correspondido. Entón deixa os seus devaneos e entrégase de cheo á querer ben con toda a súa fogosidade.

Ten, coma todas, a nosa muller, un pouco de vanidade.

Vémol-a tamén como boa filla; anque ás veces pareza dar de lado ós mandados da nai, ésta é querida e respetada por ela. Ante o pai, non manifesta tanto cariño, senon temor.

Grande é o amor das nosas mociñas ós ir-máns: máis que tales, tomaríamolos por namoradas nas cantigas.

Finalmente, como nai, vêmol-a aparecer

disposta á se sacrificar pol-os fillos, sendo seu agarimo nos momentos difizles da vida.

* * *

Pra faguer istas liñas, valémonos de varios cancioeiros publicados deica oxe e de algúns inéditos, que detallamos á continuación:

J. Pérez Ballesteros: Cancionero popular gallego, 1884.

Boletín de la R. Academia gallega. En varios núms.: De folklore: Canciones populares de Galicia.

J. A. Saco y Arce: Literatura popular de Galicia. Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense. En varios núms.

F. Bouza Brey: Cantigas populares da Arousa. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. T. III. 1929.

F. Bouza Brey e L. Brey Bouza: Cancioeiro das ribeiras do Teo. NOS, núm. 63. 15-III-1929.

A. Cotarelo Valledor: Cancioeiro da Agulla. NOS, núms. 82 e segs. 15-X-1930.

F. L. Cuevillas e X. Lourenzo: Vila de Calvos de Randín. Seminario de Estudos Galegos, 1930.

Antón Fraguas: Do folklore de Armeses-Listanco. NOS, núm. 96. 15-XII-1931.

Cancioeiro da Mahía, recollido por Don Luis Tobío Campos. Inédito.

Cancioeiro de Loureiro, recollido por Antón Fraguas. Inédito.

Cancioeiro de Belle, recollido por Florentino L. Cuevillas, V. Hermida e X. Lourenzo. Inédito.

Cancioeiro de Lobeira, recollido por Xurxo e Xaquín Lourenzo. Inédito.

Sant-Iago, 29-I-1932.



Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

O XOGO DO S. XULIÁN

Ainda fai poucos anos era usado pol-os rapaces da beiramar, este curioso xogo, cuido sinificado fol-klórico parez abranguer tempos vellos, traendo en si fondos arrescendos de primitivismo.

Pra xogalo formábase unha rolda con un número indeterminado de rapaces sentados no chán e cada un dos cales empunhava unha pedra. N-un momento dado escomenzábase



á cantar acompañándose de golpes no chán ca pedra, dados por fronte do compañeiro da dereita, tantas veces e nas sílabas que van sinaladas ca puntuación, e no remate cambeábanse as pedras respectivas e voltábase á escomenzar repetindo a mesma cántiga tantas veces como fora acordado. Todo isto pol-o menos no que toca as ribeiras de Vigo que foi donde nol-o atopamos. — XURXO LORENZO.

PRA UN CANZONEIRO DE NOIA

- 64 A ponte parece vila
si non foran os carballos
que hai pol-a parte de enriba.
- 65 Si vas ó mar á pescar
e non pescas, non te queixes,
por que xa dice o refrán:
canto mais burro máis peixes.
- 66 Ibamos para Lousame
á cargar o mineral,

e no alto de Cruído
levantóuse un temporal.

- 67 Agora que ven o novo
casamentos que ha de haber:
hase de casar a fame
con as ganas de comer.
- 68 Albariza, carrasqueira;
Ousóño, montaña brava;
hei de ir casar ó Couto,
pasal-a ponte de Traba.
- 69 As rapazas pol-a traza
o que queren ben se vé:
moitos bicos e agarimos
encontrando quen llos dé.
- 70 Montelouro, Montelouro,
monte de tan boa altura
onde todo mariñeiro
vai tomar a dereitura.
- 71 Xa aturuxan as mocíñas
reloucando de pracer,
si queredes maridiños
non hai tempo que perder.
- 72 Ó pasar as illas d-Ons
acordácheme meniña;
despois das illas pasadas
foi como si non che vira.
- 73 O vento que che levou
meniña para Marín,
o vento que che levou
púdome levar a mín.
- 74 Si mo deches non mo deras,
eu pedir non cho pedín,
déchesllo á quen quixeches,
quéresmo cobrar á mín.

- 75 Eres alto com'un piño,
delgado com'un chantón,
quen ch'ha de querer a tí
cara de gato ladrón?
- 76 Si eu fora cazador
e tivera unha escopeta,
cazaría unha perdiz
d'esas que gastan peineta.
- 77 A castaña no ourizo
quixo reir e estralou,
caiu do castaño embaixo,
mira que tumbo levou
- 78 Compañeira de algún tempo,
tirateme xa de diante;
unha negra coma ti
nin siquera vela diante.

- 79 Eu de Noia non me vou,
como m-hei de ir de Noia
terriña que me criou!
- 80 Eu pasei por Vilarinho,
por Vilarinho cantando;
as nenas de Vilarinho
quedan no río lavando.
- 81 Asobía que fai vento;
tamén eu asobiaba
cando era do teu tempo
- 82 Somos de Santa Cristina,
pequeniños como ratos,
o que se meta con nós
leva unha man de sopapos.

Recollidas por

ALVARO DE LAS CASAS

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

CONFERENCIA DE FILGUEIRA VALVERDE

ORGANIZADA pol-a Asociación de Estudantes de Filosofía e Letras, e n-unha aula da Universidade, deu fai días unha conferencia encol dos *Tópicos da sátira antigalega no século XVIII*, o noso colaborador Filgueira Valverde.

O tema xa tratado en varias ocasións, en cruso pol-o mesmo conferenciante, vestiú agora galas de novidade pol-o seu xeito non corrente de ordeación, e pol-a riqueza do material, en gran parte inédito, que proporcionou a búsqueda nas coleccións de manuscritos Osuna e Gayangos da Biblioteca Nacional de Madrid.

A lenda antigalega do XVIII, estaba n-un intre de decadencia, despois da época clásica, pra literatura castelán, do século XVII cuíos vieiros n-este senso siquense entón especialmente pol-o P. Butrón, bó sucesor de Góngora no tópico antigaleguista.

Filgueira Valverde espricou cómo, e por qué naceu a nosa lenda negra, e as causas que deciden a súa desaparición cuáseque absoluta a partir do Renacemento galego. No que entón Galicia escomenzaba á recoller a súa esencia, esquencida no intento de plaxiar o espírito castelán. Era por isto mesmo, pol-o que o plaxiado reaccionou en contra do imitador, desprezable e noxento ó desbotarse así mesmo.

A nosa embora ó conferenciante e á Asociación de Filosofía e Letras.

UNIVERSITARIOS.—Revista de la F. U. E. de Santiago. Marzal do 1932, núm. 1.

SUMARIO: «Presentación», de Redacción; «Evolución de la Facultad de Ciencias», por Mariano Zurimendi; «La representación escolar en los claustros», de Redacción; «Importancia de la asignatura», por Alvaro Calvo Alfageme; «Sobre la escuela única», por C. M. B.; «Apunte de feria», por Seoane; «Vieiros pra o estudo da Galicia», por Xurxo Lourenzo; «La exposición de Carlos Maside», por Carlos Martínez Barbeito; «A Maruxa Abad pol-os seus bucles mortos», versos de R. Carballo Calero; «Obras escogidas de la literatura universal».

NÓS, sempre atento á todo o que significa esforzo cultural na nosa terra, non pode menos de emborar á F. U. E. galega, ó sacar á lús este primeiro número da súa revista, na que temos de aplaudir, ademais da arela de superación que significa, o haber recollido nas súas páxinas a lingua galega, proba patente dos novos vieiros por que camiñan as actividades dos nosos universitarios. Mais esta cordialidade con que temos de recibila,

lévanos á sinalar n-ela unha falla, que é a carencia de información universitaria, materia sempre intresante, e que encaixaría no canto das derradeiras páxinas, en troques do «Catálogo de obras maestras», que atopamos un pouco superfluo, aínda reconecendo a orientadora intención que o move.

MÉNDEZ CORRÉA, A. A. — *Os grupos sanguíneos na genética*. — Extracto dos «Anais da Faculdade de Ciencias do Porto», t.º XVI. — Imp. Portuguesa, Porto, 1931, 32 ps. 4.º m.

O eminente home de ciencia do Portugal do N. a quen recentemente agasalhou a Universidade de Lyon co Doctorado «honoris causa» continúa á estudar n-este novo produto das súas investigacións o modernísimo problema cheo de inquedanzas dos grupos sanguíneos. Pra cantos desempeñamos funcións xudiciarias constituíe motivo de interese fundamental a comprobación da paternidade por tan puros sistemas científicos, que xa deron, según as estadísticas aludidas por Kossóvitch, como resultado a exclusión de 107 supostas paternidades en 900 casos de investigación da mesma por vías legais.

Partindo de obxeccións feitas ó esquema de Bernstein para espricar a repartición hereditaria nos grupos sanguíneos, rectificadas máis tarde pol-o propio A., eisamina éste os estudos feitos en Portugal sobre o particular, os esquemas de Hirszfild, Bernstein, Furuhashi e Melkichi, deténdose especialmente nas obxeccións formuladas ó sistema do matemático de Göttingen para concluir que as dúvidas espostas restringen até certo punto as conclusións demasiado optimistas dalguns autores sobre a correspondencia do esquema de Bernstein con os factos.

Con este traballo contribúe o ilustre autor á escrarecer un impresionante punto da Ciencia moderna de múltiples perspectivas que un futuro próximo despoixará, sin dúbida. — F. B. B.

SERPA PINTO, Dr. Ruy. — *As fíbulas do Museu Regional de Bragança*. — Sep. de 300 exemp. do Vol. V, fasc. I dos «Trabalhos da Soc. Portuguesa de Antrop. e Etnol.» PORTO, Imprensa Portuguesa, 1931, 8 páxs. 4.º m.

O museo de Bragança constituíe «o mais perfecto núcleo» dos museos rexionais portugueses e canto se faga pra dar á luz as súas valiosas coleccións será dino de gabanza fonda. Por esto, aínda que conecidas parcialmente as fíbulas que forman o fondo do

Museu por diversos estudos dos arqueólogos Fortes e Pereira Lopo, é meritória a laboira do A., amigo preciadísimo, ben conecido pol-os seus traballos científicos nos centros de investigación, tanto mais canto que, desprovistos da vixilancia necesaria os museos locais de todas partes — non só de Portugal —, acontecen lamentabres estravios de material cáseque sempre irreparabres.

Dez fíbulas son descritas pol-o A. por orden tipolóxico, sobresaíndo de entre elas a formosa peza áurea de Estrada, concello de Macedo de Cabaleiros pola raridade da materia en que está fabricada, así como pola decoración puntiforme que ornamenta o apéndice caudal e o aro e pol-as nervuras que forman éste.

O A. chama a atención sobre un punto de interese que é o do feito de ser as fíbulas transmontanas as que representan o tránsito das fíbulas características dos castros do N. O. — Galiza e Minho — para as do interior, de Castela. — F. B. B.

WICKERT, Dr. Lothar. — *Bericht über eine zweite reise zur vorbereitung von CIL II suppl. 2.* — Akademie der Wissenschaften phil. — Hist Klasse, 1931 XXXII, 18 páxs., 4.º Berlin, 1932.

No Outono derradeiro o mozo Dr. Wickert percorreu a Península en primeiro viaxe de preparación de un suplemento á crásica obra de Hübner das inscricións latinas de Hespaña e Portugal. Produto das súas xornadas son estas impresións que revisten de interese pra Galicia máis de un punto.

Así como en Portugal coñeceu o Dr. Wickert as coleccións epigráficas de tanto mérito como as atesouradas pol-a Soc. Martins Sarmiento de Guimaraes e as do Museu de Bragança, en Galicia somentes veu Pontevedra, Compostela e Lugo deixando atrás o centro de Ourense, si ben é certo que aquela Comisión de Moimentos dá no seu Boletín as novidades que van aparecendo.

De istas impresións do noso amigo o Doctor Wickert conven salientar a visita ó Seminario de Estudos Galegos pra quen garda verbas afectuosas e a inscrición inédita do Museu lugués que por primeira vez se publica que di: *Cuhue / berrai / ogecu / ex vo to / Flavius / Valeria / nus*, da que o arqueólogo Anxel del Castillo nos tiña mostrado copia fai tempo. Fala tamén de novos achados n-esta derradeira cidade comunicados e feitos pol-o Sr. Vázquez Seixas dos que non da conta no curioso opúsculo. — F. B. B.

Imprenta NÓS, Hortas, 20. — Santiago



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfecto desenvolto das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO

O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo



SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura
Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

FOTOGRAFABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO